

UNHA SORPRESA INESPERADA

Mar era unha nena diferente aos demais. Dende pequena ninguén xogaba con ela porque ía nunha cadeira de rodas e iso fixo que se convertera nunha nena solitaria, con aparencia triste e sen amigos.



Para ela non poder andar, correr ou saltar non era nada estraño, xa que nunca soubo o que se sentía ao camiñar; dende que recordaba non lle funcionaban as pernas, aínda que a veces se preguntaba que se sentiría ao moverse sen ter que axudarse coa cadeira de rodas. A finais de maio a profesora lles propuxo aos rapaces facer unha excursión a unha lagoa próxima. Todos se puxeron moi contentos coa noticia, sobre todo Mar, pero a alegría duroulle pouco cando dende o cole lle dixeron que querían falar cos seus pais xa que, pola súa situación tiñan medo da súa seguridade. Pola tarde a súa nai foi ao colexio mentres Mar esperaba impaciente na casa. Cando volveu e lle deu a noticia Mar púxose moi contenta, pois ía poder ir de excursión cos compañeiros.

Os días pasaron e por fin chegou o momento desexado por Mar. Cando estaban no autobús, os rapaces e rapazas mirábana e se preguntaban como a deixaban ir se ela non podía facer case nada e ía aburrirse todo o día. Unha vez alí, mentres os profesores descansaban deitados na herba charlando e os nenos xogaban na auga, todos se asustaron cando viron a Mar e súa profesora empurrando a cadeira de rodas ata a beira da lagoa, e máis aínda cando quitou a roupa e se deixou caer a auga. Nenos e profesores quedaron abraiados cando a viron nadar por toda a lagoa, era unha nadadora excelente! Ese día todos xogaron xuntos e pasárono xenial. Na auga Mar era unha máis, non se sentía diferente.



A partir dese momento os nenos e nenas coñecérona mellor e procuraron que non se sentira soa. Todos os días no recreo facían xogos nos que ela puidese participar na cadeira de rodas. Dende entón Mar nunca volveu ser unha nena solitaria e triste.



FIN

Clara e Ana
Basalo Touriño